



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Aprobación de Bases de contratación Aprot rural 2025

Expediente: 2025/G003/000356

Vista a ORDE do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprot rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

Vista Resolución remitida polo Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, con data de acuse de recibo de 19/05/2025, que resolve conceder ao Concello de Lousame unha subvención por importe de 66.408,00€ para a contratación de 4 peóns por un período de 9 meses a xornada completa.

Existindo a necesidade de proceder á contratación, con carácter temporal **de 4 peóns** polo período de **nove (9) meses, a xornada completa**, na modalidade de contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego, ao abeiro do que se establece na Orde do 5 de marzo de 2025; por Providencia da Alcaldía de data 2/06/2025, solicitouse dispoñer do gasto, facer as oportunas modificacións de crédito e a emisión dos informes servizos xurídicos e económicos do Concello de Lousame para a súa contratación.

Vistos os correspondentes informes asinados polos servizos xurídicos e económicos do Concello de Lousame, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- En base aos artigos 103 e 91 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 14 de abril, aprobar e aplicar a dita contratación laboral, na modalidade de contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo, durante un período de nove (9) meses, como parte íntegra do expediente e do contrato que se formalice, as bases da convocatoria que conteñen a regulación do procedemento de selección por concurso-oposición de 4 peóns anexas ao presente acordo.

SEGUNDO.- O gasto correspondente será aplicado con cargo ás aplicacións orzamentarias 241.131.00 e 241.160.00 do actual Orzamento do Concello de Lousame.

TERCEIRO.- Aplicar e convocar o concurso-oposición, como forma de selección, conforme ao establecido no artigo 91 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 19 e 20 da Lei 30/1.984, de 2 de agosto, procedendo á publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello e enviando as Bases de selección ao Servizo Público de Emprego de Galicia se fosen requiridas.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE 4 PEÓNS (APROL RURAL 2025)

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de 4 traballadores (peóns) desempregados.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

A previsión dos traballos a realizar por parte do traballador é a limpeza e desbroce das faixas secundarias, que a modo de resumo son:

- Limpar os parques de San Lourenzo e o do Bosque do Neno na Silva para evitar a súa degradación e minorar o risco de incendios. Facer desbroces e colocación de sinalización dentro dos parques, arranxo dos sumidoiros de augas pluviais, retirada da maleza, etc.
- Limpeza e desbroce das rutas de sendeirismo do Río Vilacova e San Xusto, a da Mina de San Finx, a da Muralla, Tállara-Iroite. Na temporada de primavera-verán sobre todo acértese a Lousame moita xente para percorrer as diferentes rutas de sendeirismo, por iso o Concello pretende telas no mellor grado de conservación posible.
- Tarefas relacionadas coa prevención de incendios nas faixas secundarias existentes no Concello de Lousame.

En canto á regulación das condicións do contrato laboral temporal vinculado a esta contratación, estarase ao disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Tamén pola disposición final segunda do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, coa seguinte redacción:

“Contratos vinculados a programas de activación para o emprego: 1. As administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses”.

2. MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A modalidade de contratación será contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo, durante un período de nove (9) meses, ao abeiro do que se establece na Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) para o exercicio 2025.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Prazas convocadas: 4 peóns, durante o período de nove (9) meses, a xornada completa.

As retribucións son de 1.381,33€ brutos mensuais, incluído rateo de pagas extra.

3. PUBLICIDADE.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Lousame.

Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de edictos e sede electrónica do Concello de Lousame.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo ata a formalización do contrato de traballo:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Ser desempregado, inscrito e candidato remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SEPE) segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SPE de Boiro/Noia. En todo caso, deberán cumprirse os requisitos esixidos no artigo 14 da Orde de 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

5. DESTINATARIOS.

5.1.- O traballador ou traballadora que se contrate para a realización das obras e servizos descritos no punto 1 destas bases, deberá ser unha persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5.2.- As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.

5.3.- As persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aprod rural, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde do 5 de marzo de 2025, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes.

5.4.- A selección da persoa traballadora desempregada realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina do SPE de Boiro/Noia.

5.5.- Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, cuxa documentación xustificativa será comprobada na fase de acreditación que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo. Quedarán automaticamente eliminados os que non reúnan os ditos requisitos.

5.6.- Non se poderá realizar un contrato cun/ha traballador/a que non reúna os requisitos esixidos no artigo. 14 da orde do 5 de marzo de 2025.

5.7.- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.
b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
e) Persoas paradas de longa duración.
f) Persoas con discapacidade.
g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
i) Persoas trans.
j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Así mesmo, terase en conta:

- | |
|--|
| a) O menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias. |
| b) A existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. |

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria, de entre as preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán facelo constar en instancia dirixida á Sra. alcaldesa, segundo o modelo establecido no Anexo II das presentes bases, no Rexistro do Concello de Lousame (presencial ou o da sede electrónica do Concello), así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **dous (2) día hábiles** a partir do seguinte ao da comunicación por parte do Concello aos diferentes candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que están dispoñibles para o emprego para cubrir praza de peón.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Lousame, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia á dirección de correo electrónico: arturo.barreiro@concellodelousame.gal, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

1. Copia do DNI ou documento de identificación.
2. Tarxeta de estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.
3. No seu caso documento xustificativo de atoparse nalgunha das situacións que dan preferencia establecidas na base 5.7.
4. Acreditación do pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100 % por figurar como demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses referida a data de publicación da convocatoria das probas selectivas.
5. Copia da documentación acreditativa da formación que se achegue a efectos de valoración de méritos.
6. No seu caso, documento xustificativo de estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

Non se valorarán aqueles méritos que non sexan alegados e acreditados polos aspirantes xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Non se valorarán os méritos que non estean expresamente contemplados no baremo que figura na presente convocatoria.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7.- Dereitos de exame

Será requisito necesario para poder participar no proceso selectivo, aboar dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscrición na proba selectiva convocada, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Lousame reguladora da taxa (BOP núm. 203 do 26/10/2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada. Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte, dependendo do proceso selectivo en concreto ou da praza vacante á que se opte:

Denominación	Taxa por dereitos de exame
Agrupacións profesionais as que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente	5,00 €

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES90 2080 0381 0831 1000 0090. No concepto da transferencia debe indicarse o nome do aspirante, así coma o proceso no que participa. Tamén se pode efectuar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Lousame (https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina_virtual/).

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por dereitos de exame, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 203 do 26/10/2022) e que é: Certificado de desemprego emitido polo Servizo Público de Emprego, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.

8. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a Sra. alcaldesa-presidenta da Corporación ditará Resolución declarando aprobada a listaxe de persoas aspirantes provisionalmente admitidas e excluídas, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Lousame.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles para a subsanación de deficiencias dende a publicación do anuncio no taboleiro de edictos municipal, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No prazo máximo de tres (3) días hábiles dende o remate do prazo anterior, ou no caso de non necesidade de subsanación de solicitudes, dende a publicación de relación de persoas aspirantes, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de edictos do Concello, así como o nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, a data de reunión do Tribunal para a valoración de méritos, así como indicación do día, hora e



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

lugar en que se realizarán as probas previstas nas presentes bases, publicación que servirá de citación ás persoas aspirantes.

9. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

A designación dos membros do Tribunal, farase na Resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O Tribunal Cualificador estará constituído por un presidente, un secretario, tres vogais e os seus suplentes.

Todos os membros do Tribunal deberán contar coa titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso ás praza obxecto da presente convocatoria. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente).

En todo caso será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal Cualificador cando concorran ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da referida Lei.

O Tribunal Cualificador quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

O Tribunal Cualificador poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

De todas as reunións que faga o Tribunal levantarase a correspondente acta, subscrita polo secretario do mesmo.

10. SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección da persoa aspirante efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

A puntuación máxima que pode acadarse no concurso-oposición e de **36 puntos** distribuídos da seguinte maneira:

A) Preferencia na contratación. Máximo 12 puntos.

Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.	1 punto
Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia	1 punto
Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.	1 punto
Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.	1 punto



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Persoas paradas de longa duración.	1 punto
Persoas con discapacidade.	1 punto
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	1 punto
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.	1 punto
Persoas trans.	1 punto
Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.	1 punto
O menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias.	1 punto
A existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.	1 punto

Modo de acreditación das anteriores circunstancias da preferencia:

SITUACIÓN:	ACREDITACIÓN:
Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.	Informe de períodos de inscrición emitido polo SPE de Galicia e certificado oficial ou correspondente diploma.
Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia	Informe dos servizos sociais do Concello de residencia.
Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.	DNI e informe dos servizos sociais do Concello de residencia.
Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.	DNI e Informe de períodos de inscrición emitido polo SPE de Galicia.
Persoas paradas de longa duración.	Informe de períodos de inscrición emitido polo SPE de Galicia.
Persoas con discapacidade.	Fotocopia do certificado de discapacidade, expedido polo órgano competente.
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	Informe emitido polo SPE de Galicia.
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.	DNI e Informe de períodos de inscrición emitido polo SPE de Galicia.
Persoas trans.	Acreditado documentalmente.
Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.	Informe dos servizos sociais do Concello de residencia e permiso de residencia e traballo.
O menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias.	Informe de períodos de inscrición emitido polo SPE de Galicia.
A existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.	Informe dos servizos sociais do Concello de residencia.

B) FASE DE CONCURSO. Máximo 3 puntos.

Formación (máximo 3 puntos)



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, **cun máximo de 3 puntos a razón de 0,01 puntos por hora de formación**. A formación acreditarase cos certificados oficiais ou os correspondentes diplomas nos que figuren o número de horas do curso. Non se valorarán os cursos nos que non figuren expresamente o número de horas.

Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

C) FASE DE OPOSICIÓN. Máximo 21 puntos.

C.1.- Proba teórica (máximo 15 puntos)

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 30 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal sobre os temas que se citan no Anexo I.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de corenta e cinco (45) minutos para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de **0 a 15 puntos**, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

C.2.- Entrevista curricular (máximo 6 puntos)

Consistirá na realización de entrevista curricular sobre as funcións a desenvolver no posto de traballo, currículo profesional dos aspirantes, experiencias formativas, coñecemento do territorio, e resolución de problemas, que se valorará entre **0 e 6 puntos**.

D) Proba de galego.

En base ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega terán unha proba, que será cualificada como apto/a ou non apto/a. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

11. CUALIFICACIÓN FINAL, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na valoración das situacións de preferencia, de méritos, probas e entrevista, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. A maior puntuación obtida na Base 5.7 (preferencia na contratación).
- 2.º. A maior puntuación obtida na proba teórica da fase de oposición.
- 3.º. A maior puntuación obtida pola formación da fase de concurso.

O Tribunal despois da cualificación dos aspirantes publicará a lista de aprobados, elevando a proposta de contratación á Sra. alcaldesa-presidenta das persoas seleccionadas por orde de puntuación, valorando obxectiva e proporcionalmente os méritos achegados e xustificadas. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta á Sra. alcaldesa-presidenta para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións, permisos ou baixas que se produzan durante a vixencia do Aprox rural, anualidade 2025.

Rematada a selección o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de edictos do Concello a relación de aspirantes seleccionados por orde de puntuación.

Os aspirantes seleccionados, previamente á súa contratación, no prazo de tres (3) días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar os seguintes requisitos:

1. Declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
2. Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.
3. Orixinais da documentación presentada coa solicitude de participación.
4. Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
5. Certificado de número de conta bancaria (20 díxitos)

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á alcaldía-presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de 3 días.

12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Lousame, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión de postos e elaboración das bolsas de traballo.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de edictos do Concello a efectos de dar a publicidade





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesión autorizadas nunha norma con rango de Lei.

13. NORMAS FINAIS.

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; disposición final segunda do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral que introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro; Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

14. RECURSOS.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases nun dos diarios de maior circulación na provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Sra. alcaldesa-presidenta, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no diario de maior circulación da provincia. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

Lousame, __ de _____ de 20.....

A alcaldesa-presidenta.

ANEXO I

TEMARIO PARA PROVISIÓN DE PRAZA DE PEÓN (APROL RUAL 2025)



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. A Lei de prevención de riscos laborais. Equipos de protección persoal. Condicións de seguridade nos lugares de traballo, ferramentas e maquinaria. Primeiros auxilios en caso de accidente de traballo.
2. Coñecemento do Concello de Lousame. Organización municipal e territorial.
3. Mantemento e conservación de vías públicas. Avarías frecuentes e reparación.
4. Maquinaria e ferramentas para obras de infraestruturas.
5. Nocións básicas de albanelería, xardinería e pintura. Ferramentas. Tipo de materiais.

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE (APROL RURAL 2025)

D./D.^a con DNI número
..... e domicilio a efectos de notificación
en....., con número de
teléfono e dirección de correo electrónico
.....

EXPÓN:

Enterado/a da convocatoria para a provisión dunha praza de persoal laboral temporal (9 meses), a xornada completa, para o posto de Peón, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria:

SOLICITA:

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento:

- ☐ Copia do DNI
- ☐ Xustificación de estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego.
- ☐ Xustificación de estar nalgunha situación de exclusión laboral, de conformidade con establecido na base quinta.
- ☐ Acreditación do pago da taxa por dereitos de exame ou a documentación acreditativa da redución do 100 % por figurar como demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6M referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas.
- ☐ Documentación acreditativa da formación aportada pola persoa aspirante.
- ☐ Declaración xurada segundo o modelo adxunto.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

☐ No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

Lousame, de de 20....

Asdo:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LOUSAME

Cláusula xeral.—De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA (APROL RURAL 2025)

D./D.^a, con DNI número e domicilio a efectos de notificación en con número de teléfono..... e dirección de correo electrónico, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.— Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

Segundo.— Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro.— Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal temporal, do Concello de Lousame para o posto de:

Asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Lousame,, de de 20....

Asinado.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).